

## ANEXO V

**Composición das comisións avaliadoras para o acceso a ciclos das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño**

I. Comisión avaliadora das probas de acceso ás ensinanzas de grao medio na EASD Pablo Picasso, na Coruña.

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidente	Gerardo Martínez García	Presidente	Jesús Miguel Alonso Oural
Vogal 1º	Inmaculada Souto Feijóo	Vogal 1º	Ángel Cao Quelle
Vogal 2º	Francisco Javier Gómez Sánchez	Vogal 2º	Juan Antonio Martínez Lage
Vogal 3º	Mª Pilar Domínguez Fariña	Vogal 3º	Beatriz García Trillo
Vogal 4º	Mª Carmen Serantes López	Vogal 4º	José Manuel Delgado-Gambino

II. Comisión avaliadora das probas de acceso ás ensinanzas de grao medio na EASD Mestre Mateo, en Santiago de Compostela.

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidenta	Carmen Olga Toribio Redondo	Presidente	Severo Cebeiro Santiso
Vogal 1º	Carmen Español González	Vogal 1º	Amador Seoane Pardo
Vogal 2º	José Antonio Rey Díaz	Vogal 2º	Isabel Cobreiro Mosquera
Vogal 3º	Federico Mayer Garea	Vogal 3º	Laura García Agra
Vogal 4º	Elena Carpintero Troncoso	Vogal 4º	María Eloísa Enríquez Morales

III. Comisión avaliadora das probas de acceso ás ensinanzas de grao medio na EASD Ramón Falcón, en Lugo.

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidente	Gonzalo Velasco Vieiro	Presidenta	Esther Muñoz Mella
Vogal 1º	Germán Álvarez Refojo	Vogal 1º	Ramón Cabarcos Rodríguez
Vogal 2º	Elena Sánchez Pendés	Vogal 2º	Ramón Irazu Rivera
Vogal 3º	Noelia Pardo Fernández	Vogal 3º	Ángela Morales Pozo
Vogal 4º	José Fontal Álvarez	Vogal 4º	Aida Fernández Carreira

IV. Comisión avaliadora das probas de acceso ás ensinanzas de grao medio na EASD Antonio Faílde, en Ourense.

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidente	Manuel Seoane Feijóo	Presidente	Néstor Martín Gulías
Vogal 1º	Ofelia Cardo Cañizares	Vogal 1º	Francisco Javier Rodríguez López
Vogal 2º	Javier Fernández Alonso	Vogal 2º	Juan Carlos Garrido Álvarez
Vogal 3º	José Luís Casal Fernández	Vogal 3º	Miguel Ángel Matilla González
Vogal 4º	José Antonio Corrales Sousa	Vogal 4º	Mª Dolores Luz Peláez Rivero

V. Comisión avaliadora das probas de acceso ás ensinanzas profesionais de grao superior, que actuará na EASD Mestre Mateo, en Santiago de Compostela.

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidente	Santiago Riande Torres	Presidente	Manuel Fernández González
Vogal 1º	Jorge M.A. Llorca Freire	Vogal 1º	Esperanza Merino Álvarez
Vogal 2º	Antonio Gandoy Vázquez	Vogal 2º	Antonio Míguez Losada
Vogal 3º	Nely Rial Verde	Vogal 3º	Elena Pardo Antequera
Vogal 4º	José Luís Casas Fernández	Vogal 4º	Salvador Guinart Rovira

*Resolución do 25 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas superiores de deseño durante o curso 2010-2011.*

O Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro, establece as ensinanzas superiores de deseño, a proba de acceso e os aspectos básicos do currículo desas ensinanzas; e o Decreto 233/2005, do 14 de xullo, establece o currículo das ensinanzas superiores de deseño e regula o acceso a esas ensinanzas para a súa aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia e dispón no seu artigo 15 que a dirección xeral competente en materia de ensinanzas de réxi-

me especial realizará as convocatorias anuais das probas de acceso e das de madurez, que se desenvolverán nas escolas superiores de deseño.

A Orde do 6 de marzo de 2008, pola que se regula o acceso e a admisión ás ensinanzas superiores de deseño, establece o proceso de admisión para quen non reúne os requisitos académicos establecidos con carácter xeral e para aquelas persoas que, reunindo os requisitos académicos, deben superar a proba específica definida na mesma orde, e autoriza a dirección xeral competente en materia de ensinanzas de réxime especiais, na súa disposición derradeira primeira, para ditar as instrucións necesarias para o desenvolvemento do previsto nesa orde.

Na súa virtude, esta dirección xeral

**RESOLVE:**

Convocar as probas de acceso ás ensinanzas superiores de deseño para o curso 2010-2011, que se rexerán polas seguintes instrucións:

Primeiro.-*Acceso.*

1. Acceso mediante proba.

a) De acordo co establecido no artigo 57.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, para o acceso ás ensinanzas superiores de deseño, requirirase estar en posesión do título de bacharelato, ou titulación declarada equivalente, e superar a proba de acceso regulada e definida no artigo 13 do Decreto 233/2005, do 14 de xullo, na cal se valorará a madurez, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estas ensinanzas.

b) Poderán acceder a estas ensinanzas as persoas maiores de dezanove anos que, sen posuír o título de bacharel nin outro declarado equivalente, superen a proba de madurez prevista no artigo 12.1º.2 do Decreto 233/2005, do 14 de xullo. As persoas que superen esta primeira proba deberán superar tamén a proba específica referida no punto 1.a) anterior.

c) Aquelas persoas que teñan pendente algunha materia de bacharelato poderán presentarse á proba de acceso, ben que no momento de formalizar a matrícula no prazo extraordinario, no mes de setembro, deberán acreditar que están en posesión da titulación requirida. En calquera caso poderán presentarse á proba de madurez.

2. Acceso directo.

Segundo o establecido no artigo 3 da Orde do 6 de marzo de 2008, poderá acceder directamente a estas ensinanzas quen:

a) Estea en posesión dalgún dos títulos de técnico superior en artes plásticas e deseño, ou outros declarados equivalentes, segundo o establecido no artigo 2 do Real decreto 1033/1999, do 18 de xuño.

b) Estea en posesión de determinados títulos de técnico superior de formación profesional específica, ou equivalentes, que o ministerio competente en materia de educación estableza de acordo co previsto no artigo 8.2º do Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro.

Segundo.-*Inscripción para realizar as probas.*

1. A inscrición farase na secretaría das escolas en que se impartan as correspondentes ensinanzas superiores de deseño, no prazo comprendido desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG ata o 23 de xuño. Para tal fin, as escolas deberán expor nos seus taboleiros de anuncios a seguinte información:

a) Normativa reguladora de admisión do alumnado.

b) Prazas que oferten nas distintas especialidades que teñan autorizadas.

c) Calendario de publicación da relación de alumnado admitido, así como dos prazos para presentar reclamacións.

d) Calendario e normas para formalizar a matrícula.

2. Para a formalización das solicitudes de admisión, os centros onde se impartan esas ensinanzas facilitaranlles ás persoas interesadas o modelo que se xunta como anexo I a esta resolución. Unha vez cuberto, entregarase unha única instancia na Secretaría da escola a que solicita acceder en primeira opción, xunto coa documentación que proceda, segundo o caso, para a acreditación dos datos consignados:

-Título de bacharel ou certificación académica en que figure ter realizado o depósito do correspondente título, ou libro de cualificacións do bacharelato, se é o caso.

-Certificado de estudos do ciclo formativo en que figuren as cualificacións das diferentes materias cursadas e ter realizado o depósito do correspondente título ou o libro de cualificacións do ciclo formativo, se é o caso.

-Certificado da proba de acceso ás ensinanzas superiores de deseño, se é o caso.

3. O alumnado que deba realizar a proba de madurez farao constar no punto correspondente da inscrición. No caso de non superar esa proba, non será admitido na específica.

4. As escolas onde se realice a inscrición deberán enviarlle á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a través de correo electrónico, a relación de persoas inscritas para realizar as probas de acceso en cada especialidade das ensinanzas superiores que oferte, ordenadas alfabeticamente, con apelidos, nome e número do documento nacional de identidade, así como a proba ou probas a que se vai presentar e escolas a que opte, das que oferten a especialidade en que se preinscribe, ordenadas segundo a súa preferencia.

5. A relación de persoas inscritas será exposta no taboleiro de anuncios de cada escola o día 24 de xuño, así como no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.es/ea>

Terceiro.-*Desenvolvemento das probas.*

1. As probas para as ensinanzas superiores de deseño serán elaboradas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa de acordo co establecido na Orde do 6 de marzo de 2008 e segundo os modelos establecidos nos anexos II e III desta resolución.

2. Para a administración das probas constituirase un tribunal por cada especialidade de ensinanzas superiores que se imparte na Comunidade Autónoma.

ma de Galicia coa composición que figura no anexo IV desta resolución, actuando como secretario ou secretaria o funcionario ou funcionaria con menos antigüidade nesta condición.

3. As probas de acceso realizaranse na Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo, en Santiago de Compostela, nos días e nas horas que se indican a seguir:

Proba de madureza: 29 de xuño.

Comentario de texto: das 10.00 ás 11.00 horas.

Conferencia: das 11.00 ás 13.00 horas.

Proba específica: 6 de xullo.

-Primeira parte: das 10.00 ás 13.00 horas.

O alumnado seleccionará tres das materias que se expoñen a seguir e desenvolverá por escrito unha cuestión entre catro que se propoñan, para cada unha das tres elixidas.

Lingua e literatura española lingua e literatura galega, lingua estranxeira (opción de inglés ou francés), matemáticas, física e química e historia.

-Segunda parte:

Primeiro exercicio: das 16.00 ás 20.00 horas.

Segundo exercicio: das 20.00 ás 21.00 horas.

4. Calquera posible variación sobre este calendario requirirá autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

*Cuarto.-Tribunais das probas.*

De acordo co establecido na Orde do 6 de marzo de 2008, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa nomeará os tribunais avaliadores das probas de acceso a estas ensinanzas.

1. O tribunal que administrará e avaliará as probas estará composto por un presidente ou presidenta, e catro vogais, así como os asesores nas materias de matemáticas, física e química, francés, inglés, lingua e literatura galega, e lingua e literatura castelán, sen función cualificadora, será o órgano competente para resolver sobre a admisión do alumnado, tal e como queda recollido no anexo IV desta resolución.

2. Unha vez concluída a proba de madureza, cada tribunal publicará a listaxe das persoas admitidas e non admitidas o día 1 de xullo, ordenadas por puntuación e en orde decrecente.

3. Unha vez concluída a proba específica, o tribunal publicará a listaxe de persoas admitidas e non admitidas en cada especialidade o día 15 de xullo, ordenadas por puntuación en orde decrecente e con indicación da EASD en que obtiveron praza. Así mesmo tamén publicarán a listaxe de persoas que estean en lista de espera, se é o caso.

4. No relativo aos criterios de admisión, o tribunal terá en conta o disposto no artigo 6 da Orde do 6 de marzo de 2008.

5. A listaxe de persoas admitidas será exposta no taboleiro de anuncios de cada escola así como no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.es/ea>

*Quinto.-Reclamacións e recursos.*

1. Os acordos e decisións sobre a admisión do alumnado realizados polo tribunal poderán ser obxecto de reclamación, ante o mesmo órgano que os ditou, no prazo de cinco días hábiles. Este órgano deberá resolver as reclamacións no prazo de cinco días hábiles.

2. Contra as resolucións das reclamacións emitidas polo tribunal, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada nos termos que figuran no artigo 16 da Orde do 6 de marzo de 2008.

*Sexto.-Matrícula e constitución de grupos.*

1. O alumnado que obteña praza, adxudicada por resolución do tribunal, deberá formalizar a súa matrícula entre os días 19 e 27 de xullo, en período ordinario, e entre os días 7 e 13 de setembro, en período extraordinario.

2. Para a formalización das solicitudes de matrícula as escolas facilitaranlles ás persoas interesadas o modelo que se xunta como anexo I a esta resolución. Unha vez cuberto, entregarase unha única instancia na Secretaría da escola, que se xuntará á documentación xa presentada. A non formalización de matrícula no prazo estipulado, salvo causas debidamente xustificadas, implicará a perda do dereito a acceder a estas ensinanzas no curso 2010-2011.

3. Aquelas persoas que, téndose presentado á proba de acceso, tiñan pendentes algunha das materias de bacharelato, deberán acreditar a súa superación no momento de formalizar a matrícula, entre os días 7 e 13 de setembro de 2010.

4. Para cada especialidade constituirase, con carácter xeral, un único grupo de alumnos e alumnas por escola. O número de prazas por cada grupo será de 30. Calquera modificación deste número requirirá autorización previa e expresa do departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

5. A posta en marcha de cada especialidade estará condicionada á existencia dun número mínimo de 10 alumnos e alumnas, non se cuantifica para estes efectos o alumnado repetidor. Calquera modificación deste límite requirirá autorización previa e expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2010.

José Luis Mira Lema  
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



PROCEDEMENTO <b>SOLICITUDE DE ADMISIÓN ÁS ENSEÑANZAS SUPERIORES DE DESEÑO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED312E</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER	DOMICILIO (RÚA, NÚMERO E PISO)	
PROVINCIA	CONCELLO		
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	

EXPÓN: que cumpre o requisito de acceso (marque cun X a opción correspondente)

- Directo:

- 1.- Técnico superior en artes plásticas e deseño.  
 2.- Técnico superior de formación profesional específica.

- Mediante proba:

- 3.- Proba de acceso específica.  
 4.- Proba de madurez e proba de acceso específica.

Xunta a seguinte documentación acreditativa (fotocopia cotexada)

- Título de bacharelato, ou certificación académica en que conste o depósito do título.  
 Título de técnico superior de artes plásticas e deseño ou de formación profesional específica.  
 Título superior de deseño/título superior de conservación e restauración de bens culturais.

SOLICITA: ser admitido/a para o curso escolar  /  como alumno/a para cursar, por orde de preferencia, os estudos seguintes (1):

CENTRO EDUCATIVO	ESTUDO SUPERIOR DE DESEÑO	LOCALIDADE (provincia)

(1) A posta en funcionamento destes estudos estará condicionada á existencia dun mínimo de 10 alumnos/as, non se cuantifica para estes efectos o alumnado repetidor.

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

lle presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p>- Decreto 233/2005, do 14 de xullo, polo que se establece o currículo dos estudos superiores de deseño e se regula o acceso ás ditas ensinanzas.</p> <p>- Orde do 6 de marzo de 2008 pola que se regula o acceso e a admisión ás ensinanzas superiores de deseño</p> <p>- Resolución do 25 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas superiores de deseño durante o curso 2010-2011.</p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <p>RECIBIDO</p> <p>REVISADO E CONFORME</p>	<p>NÚMERO DE EXPEDIENTE</p> <p>DATA DE ENTRADA</p> <p>DATA DE EFECTOS</p> <p>DATA DE SAÍDA</p>
<p>SINATURA DO/A SOLICITANTE</p> <p>Lugar e data</p> <p>, de de</p>		

Director/a do centro

Denominación do centro en que presenta a solicitude de admisión (o elixido en 1ª opción)

*ANEXO II*

## I. Proba de madurez.

O/A aspirante deberá demostrar que posúe os coñecementos propios da etapa educativa precedente. A avaliación de cada un dos exercicios exprésase en termos de cualificacións, utilizando para iso a escala numérica do un ao dez, sen decimais. A superación desta proba, que terá carácter eliminatório para os efectos de participación na proba específica, requirirá que a nota media da totalidade dos exercicios sexa, polo menos, de cinco.

A cualificación global da proba de acceso para maiores de dezanove anos resultará da media aritmética das cualificacións obtidas nas dúas partes de que se compón: proba de madurez e proba específica. Sen prexuízo da observancia do procedemento para o cálculo da cualificación da proba específica que se establece no anexo III desta resolución.

A proba de madurez constará de dous exercicios:

## a) Primeiro exercicio: comentario de texto.

Desenvolvemento por escrito, durante o tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen a partir dun texto escrito.

Neste exercicio valorarase a madurez e o nivel de coñecementos referidos aos coñecementos propios da etapa educativa precedente en canto á comprensión de conceptos, a utilización da linguaxe e a capacidade de análise e síntese.

## b) Segundo exercicio: conferencia.

Desenvolvemento por escrito, durante o tempo máximo de dúas horas, das cuestións que se formulen a partir dunha conferencia impartida por un membro do tribunal.

Neste exercicio valorarase a madurez e o nivel de coñecementos referidos aos coñecementos propios da etapa educativa precedente como a comprensión de conceptos, a utilización da linguaxe e a capacidade de análise e síntese.

*ANEXO III*

## II. Proba específica.

A proba específica constará de dúas partes. A cualificación da primeira parte exprésase en termos numéricos, utilizando para iso a escala do un ao dez con dous decimais. Cumprirá obter unha cualificación igual ou superior a cinco para a súa superación.

Así mesmo, a cualificación da segunda parte, que será única, exprésase en termos numéricos, utilizando para iso a escala do un ao dez con dous decimais. Cumprirá obter unha cualificación igual ou superior a cinco para a súa superación.

A cualificación final da proba de acceso, que se calculará só se superou cada unha das dúas partes, resultará da media ponderada das cualificacións

obtidas nos dous exercicios superados, valorando o primeiro exercicio nun 40 por cento e o segundo nun 60 por cento. Esta cualificación final exprésase en termos numéricos, utilizando para iso a escala do un ao dez con dous decimais.

## a) Primeira parte.

Versará sobre as seguintes materias: lingua e literatura galegas, lingua e literatura españolas, lingua estranxeira (opción de inglés ou francés), matemáticas, física e química e historia. Os contidos e os niveis das probas referiranse ás materias de bacharelato sinaladas anteriormente. Cada aspirante seleccionará tres das devanditas materias e desenvolverá por escrito unha cuestión entre catro que se propoñan, para cada unha das tres elixidas. O tempo máximo para contestar a cada unha das materias será de sesenta minutos. Valoraranse tanto os coñecementos do nivel educativo precedente como o grao de madurez en canto á comprensión dos conceptos, a utilización da linguaxe e a capacidade de análise e síntese.

## b) Segunda parte.

A segunda parte constará de dous exercicios:

-Primeiro exercicio: terá unha duración de catro horas e consistirá na realización dun exercicio de representación dun modelo tridimensional, diferente para cada especialidade, mediante a aplicación de técnicas e de linguaxes propias do debuxo artístico, e a representación do mesmo modelo nun sistema de representación técnica.

Neste exercicio valorarase a fidelidade, tanto artística como técnica, da representación, así como as aptitudes creativas, as habilidades, as destrezas, a sensibilidade artística demostrada na realización do exercicio, os coñecementos, a comprensión técnica, a capacidade para crear e resolver problemas, a calidade e precisión no acabamento do traballo e a correcta utilización das técnicas empregadas.

-Segundo exercicio: terá unha duración dunha hora e consistirá na realización dun exercicio compositivo en cor realizado con técnica libre, baseado na libre interpretación do modelo proposto.

A segunda parte, cunha duración dunha hora, consistirá na realización dun exercicio compositivo en cor realizado con técnica libre, baseado na libre interpretación do modelo proposto.

Neste exercicio valoraranse as aptitudes creativas, as habilidades, as destrezas, a imaxinación e a sensibilidade artística demostrada na realización do exercicio, os coñecementos, a capacidade para crear e resolver problemas compositivos, a calidade estética e a precisión no acabamento do traballo, así como a correcta selección e utilización das técnicas e dos procedementos artísticos empregados.

## ANEXO IV

## 1. Tribunal avaliador das probas de acceso ás ensinanzas superiores de deseño gráfico

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidente	Cristóbal Novóa González	Presidenta	Aida Fernández Carreira
Vogal 1º	Milagros Sánchez Landeira	Vogal 1º	J. Miguel Alonso Oural
Vogal 2º	María Vázquez López	Vogal 2º	Celia Castro Fernández
Vogal 3º	Manuel Seoane Feijóo	Vogal 3º	Ramón Irazu Rivera
Vogal 4º	Beatriz García Trillo	Vogal 4º	Mª Dolores de las Cuevas Revilla

## 2. Tribunal avaliador das probas de acceso ás ensinanzas superiores de deseño de interiores

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidente	Nicolás López Ciprián	Presidente	Manuel A. Soto Gómez
Vogal 1º	Mario García Herradón	Vogal 1º	Ana González Orrio
Vogal 2º	Miguel A. Mantilla González	Vogal 2º	Pablo Ferreiro Mazón
Vogal 3º	Mª José González García	Vogal 3º	Xosé M. González Rivera
Vogal 4º	Néstor Martín Gulías	Vogal 4º	Elena Nieto Atanes

## 3. Tribunal avaliador das probas de acceso ás ensinanzas superiores de deseño de produtos

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidente	Jorge López Lafuente	Presidente	Santiago Riande Torres
Vogal 1º	Jesús E. Villar Quintás	Vogal 1º	Isabel Cobreiro Mosquera
Vogal 2º	Elena Carpintero Troncoso	Vogal 2º	Diego Carracedo Constenla
Vogal 3º	Severo Cebeiro Santiso	Vogal 3º	Marcos Vilarinho Cabezas
Vogal 4º	Ángel Lázaro Sastre	Vogal 4º	Eugenia Grande Rúa

## 4. Tribunal avaliador das probas de acceso ás ensinanzas superiores de deseño de moda

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidenta	Ana Rego Sanmartín	Presidenta	Manuela Romero Morente
Vogal 1º	María Fernández González	Vogal 1º	Laura García Agra
Vogal 2º	Mª Eloísa Enríquez Morales	Vogal 2º	Alberto Urrutia Salgado
Vogal 3º	Remedios Barreira González	Vogal 3º	Concepción Viñas González-Zaera
Vogal 4º	Elisa González Pena	Vogal 4º	Elena Pardo Antequera

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Resolución do 11 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se ordena o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, dos acordos da comisión negociadora do convenio colectivo do Partido Socialista de Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG-PSOE).*

Vistos os acordos subscritos pola comisión negociadora do convenio colectivo do Partido Socialista de Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG-PSOE), con data do 10-11-2005 e 19-4-2010, relativos, respectivamente, á inclusión no artigo 15, referente aos días de descanso, dunha nova liña que dirá:... «e martes de Entroido», e no artigo 7, o parágrafo primeiro substituírse polo seguinte texto: «Todos os venres do ano serán de xornada intensiva, cun horario das 9.30 ás 14.30 horas», engadindo, así mesmo, unha nova alínea: «f) O día 5 de xaneiro a xornada laboral será intensiva, cun horario das 10.00 ás 14.00 horas», e de confor-

midade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

Esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

**ACORDA:**

Primeiro.-Ordenar a inscrición dos acordos no Rexistro Xeral de Convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2010.

Odilo Martiñá Rodríguez  
Director xeral de Relacións Laborais